As forzas na natureza

Guía para o Alumnado

Estas secuencias didácticas foron realizadas durante o período da licenza por estudos concedida pola Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso escolar 2016/17.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A licenza xeral da obra é CC BY-SA

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0

Orientacións para o alumnado

A través do estudo destes temas os alumnos e a alumnas deben descubrir como actúan na natureza as forzas. Coa resolución dos problemas e cuestións propostos e coa visualización das simulacións atoparán unha forma amena e seria de aprender.

Estas secuencias didácticas están elaboradas para fomentar no alumno a aprendizaxe activa, e por iso deben ter en conta as seguintes consideracións:

- Ler atentamente os textos e cando non se entenda algo deberá ampliar a información mediante o uso da rede. Se non se entende, o alumno deberá preguntar ao profesor ou titor.
- Resolver os cuestionarios e, se non se obtén máis dun 80% de acertos, hai que repetilos logo de revisar o visto no tema en cuestión.
- Para acceder ás simulacións tense que pasar o rato por riba das imaxes (que cambiarán de aspecto) en cuxa cabeceira pon "Escena" e premer o botón esquerdo do rato ou, se se usa unha tablet ou Smartphone tocar co dedo nesta imaxe.
- Observar atentamente as simulacións (non son un entretemento) nelas deberanse descubrir os conceptos que se pretende que se entenda para adquirir as capacidades pertinentes.
- Os alumnos e alumnas non deberían pasar á seguinte sección sen comprender as anteriores.
- Usar os libros que estean ao alcance, así como a REDE para ampliar a información.
- Participar (se existe) no wiki preparado polo profesor-titor.
- Se se usa unha plataforma educativa (Moodle, Claroline...) participa activamente nos foros e nos chats.

Uso de tablets e smartphones online.

- Se usas unha tablet ou teléfono móbil online, procura que a versión do sistema operativo estea actualizada(no caso de Android, versión 5.1 ou superior).
- É conveniente, se usas unha tablet ou un smarphone, que ocultes o menú para visualizar mellor as secuencias didácticas
- Estas secuencias didácticas son "responsivas" e non deberías ter ningún problema na súa visualización, non obstante, se o precisas, podes ampliar o texto e o resto de elementos.

Uso da APP en tablets e smartphones Android offline.

- Se usas unha tablet ou teléfono móbil android coa aplicación APK instalada, procura que a versión do sistema operativo sexa a 5.1 ou superior.